



Reglamento Carreira Alternativa Barbadás

A III edición da Carreira Alternativa Barbadás 2026, será o domingo 15 de marzo as 11:00 na Valenzá, con saída e chegada na Avenida de Celanova na rotonda da familia.

Participación

Poderán participar nesta proba todas aquelas mulleres, homes, nenas e nenos que o desexen, sempre e cando estén perfectamente inscritas, tanto en tempo como en forma.

Esta prohibida a participación na proba sen o dorsal oficial da proba.

Participación de menores

Os menores de 18 anos deberán acreditar unha autorización da nai/pai ou tutores para poder participar na proba.

Os menores de 12 anos deberán ir acompañados en todo momento dun adulto.

Distancia e recorrido

A proba disputarase no Concello de Barbadás polas rúas da Valenzá, facendo a saída dende a avenida de Celanova na rotonda da Familia e pasando pola avenida de Celanova e terminando no mesmo punta de saída. A distancia será de 5 km.

O tráfico estará cortado , pero a partir da hora de inicio da proba, os participantes que non fagan o seu paso pola meta deberán facer o percorrido por as beiraruas.

Os participantes que fagan o recorrido camiñando, a partir de hora e media dende o inicio da carreira, deberán facer o percorrido polas beirarrúas.

Inclusión dos participantes

É unha proba inclusiva, polo tanto poderá participar todos as personas nela.

Pódese realizar a proba, correndo, camiñando, en cadeira de rodas, andador, bicicleta, patíns, patinetes,....

Será unha proba non cronometrada, é un evento enfocado a participación, o disfrute e a superación persoal sen a presión de tempos oficiais, clasificacións e gañadores. Céntrase no



SERVIZO MUNICIPAL DEPORTES
CONCELLO DE BARBADÁS

aspecto lúdico, recreativo e solidario, permitindo os participantes completar o trayecto o seu propio ritmo (correndo, camiñando, en bicicleta, en patín, con mascotas.....)

Inscripcións

As inscricións serán na web <https://sportmaniacs.com/es>. O prezo da inscrición será de 5 euros para maiores de 18 anos. Os menores de 18 anos será gratuíta.

Non se admiten inscricións no día da carreira.

Unha vez feita a inscrición, non se devolverá o importe (de ser o caso) da mesma baixo ningunha circunstancia, exceptuando que a proba sexa suspendida polo Concello de Barbadás.

Entrega da camiseta e dorsal

A entrega será no Polideportivo Municipal de Barbadás anunciando nas redes sociais os días antes da carreira que se entregará.

A organización non pode asegurar a talla de camiseta nin que todos os participantes teñan camiseta.

O número máximo de corredores con camisetas é de 350, a partir deste número de corredores non terán camiseta.

A organización non pode garantir a talla da camiseta

Os menores de 18 anos non teñen camiseta pero si tendrán unha braga de cuello.

O número de bragas de cuello é só para os 150 menores inscritos en orden de inscrición, a partir de ese número non terán a braga de cuello.

Seguro de accidentes

Tódolos participantes estarán amparados por un Seguro Colectivo de Accidentes e Responsabilidade Civil contratado polo Concello de Barbadás. Estarán excluídos os derivados de un padecimento lactante, imprudencia, negligencia, inobservación das leis, etc.

Tamén estarán excluídos os producidos por desplazamentos a/o desde o lugar no que se realice a proba.

Os participantes deberán atender en todo momento as indicacións realizadas pola organización a través de voluntarios, persoal acreditado, Policía Local e Protección Civil.

Cada deportista da proba participa baixo a súa enteira responsabilidade e declara poseer o nivel de condición física suficiente para afrontar a proba. O Concello de Barbadás recomenda a todos os deportistas realizar un recoñecemento médico ou proba de esforzo antes de tomar a saída. O



SERVIZO MUNICIPAL DEPORTES
CONCELLO DE BARBADÁS

Concello de Barbadás declina toda responsabilidade de danos que os participantes poidan sufrir ou causar a terceiros en horas posteriores a súa participación na carreira.

Se sofre calquer percance na carreira, deberá de avisar a organización para poder dar parte no seguro, unha vez finalizada a carreira a organización non se fai responsable de calquera lesión ou accidente se non foi comunicado con antelación.

POLÍTICA DE PRIVACIDADE

1. INFORMACIÓN AO USUARIO

O **Concello de Barbadás**, en diante Responsable, é o Responsable do tratamento dos datos persoais

do Usuario e infórmalle que estes datos serán tratados de conformidade co disposto en o **Regulamento (UE) 2016/679**, do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación de estes (**RGPD**) e a **Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD)**, polo que se lle facilita a seguinte información do tratamento, aplicable aos tratamentos de datos realizados polo Responsable do tratamento referidos no sitio web.

Fin do tratamento: manter unha relación de atención ao Usuario. As operacións previstas para realizar o tratamento son:

- Formalizar e manter a relación do centro deportivo con vd. na súa calidade de socio do ximnasio.
Cumprimento das obrigacións legais do centro deportivo.
Control de acceso dos usuarios ás instalación deportivas.
Optimizar a xestión do centro do Concello de Barbadás e os seus servizos mediante a realización de estudos e enquisas de satisfacción.
- Accións e comunicacións comerciais incluso a través de medios electrónicos relacionadas coas actividades ou promocións do ximnasio e dos sectores do deporte, saúde, beleza, ocio e tempo libre.

Base xurídica do tratamento: consentimento do interesado e o cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio dos poderes públicos.



SERVIZO MUNICIPAL DEPORTES
CONCELLO DE BARBADÁS

Criterios de conservación dos datos: conservaranse durante non máis tempo do necesario para manter o fin do tratamento e cando xa non sexa necesario para tal fin, suprimiranse con medidas de seguridade adecuadas para garantir aseudonimización dos datos ou a destrución total dos mesmos.

Comunicación dos datos: Non se comunicarán os datos a terceiros, salvo obrigación legal. Por iso, é posible que se comuniquen datos a outras Administracións, a terceiros contratados para a xestión dos servizos públicos que lle competen.

Dereitos que asisten ao Usuario: os dereitos do interesado poden exercitarse directamente ou por medio de representante legal ou voluntario e teñen dereito a recibir unha resposta en linguaxe clara e sinxela, de forma concisa, transparente, intelixible e de fácil acceso. Os dereitos que lle asisten son os seguintes;

- Dereito a retirar o consentimento en calquera momento.
- Dereito de acceso (o interesado ten dereito a que o Responsable lle comunique se están tratando os seus datos), rectificación (o interesado ten dereito a que o Responsable rectifique os seus datos sen demora inxustificada cando resulte inexactos ou incompletos), portabilidade (o interesado ten dereito a que o Responsable transmita os seus datos a outro responsable ou ao mesmo interesado nun formato estruturado de uso habitual e lectura mecánica) e supresión dos seus datos (o interesado ten dereito a que o Responsable suprima os seus datos sen demora inxustificada e se legalmente procede) e á limitación (o interesado ten dereito a que o responsable marque os seus datos co fin de limitar o seu tratamento) ou oposición ao seu tratamento (o interesado ten dereito a opoñerse ao tratamento dos seus datos realizado polo Responsable do tratamento por motivos relacionados coa súa situación particular).
- Dereito a presentar unha reclamación ante a autoridade de control (www.aepd.es) se considera que o tratamento non se axusta á normativa vixente.

Datos de contacto para exercer os seus dereitos:

Concello de Barbadás. C/ Cimadevila, 1 – 32890 Barbadás (Ourense). Email:
concello@barbadas.es

Datos de contacto do Delegado de Protección de Datos: Rúa Cimadevila, 1_ 32890 Ourense –
concello@barbadas.es

2. CARÁCTER OBRIGATORIO OU FACULTATIVO DA INFORMACIÓN FACILITADA POLO USUARIO

Os Usuarios, mediante a marcación das casas correspondentes e entrada de datos nos campos, marcados cun asterisco (*) no formulario de contacto ou presentados en formularios de descarga, aceptan expresamente e de forma libre e inequívoca, que os seus datos son necesarios para atender a súa petición, por parte do Concello, sendo voluntaria a inclusión de datos nos campos restantes. O Usuario garante que os datos persoais facilitados ao Responsable son veraces e faise responsable de comunicar calquera modificación dos mesmos.

O Responsable informa e garante expresamente aos usuarios que os seus datos persoais non serán cedidos en ningún caso a terceiros, e que sempre que realizase algún tipo de cesión de datos persoais, pedirase previamente o consentimento expreso, informado e inequívoco por parte os Usuarios. Todos os datos solicitados a través do sitio web son obrigatorios, xa que son necesarios para a prestación dun



SERVIZO MUNICIPAL DEPORTES
CONCELLO DE BARBADÁS

servizo óptimo ao Usuario. No caso de que non sexan facilitados todos os datos, non se garante que a información e servizos facilitados sexan completamente axustados ás súas necesidades.

3. MEDIDAS DE SEGURIDADE

Que de conformidade co disposto nas normativas vixentes en protección de datos persoais, o Responsable está a cumprir con todas as disposicións das normativas **RGPD** para o tratamento dos datos persoais da súa responsabilidade, e manifestamente cos principios descritos no artigo 5 do RGPD, polos cales son tratados de maneira lícita, leal e transparente en relación co interesado e adecuados, pertinentes e limitados ao necesario en relación cos fins para os que son tratados, conservados de modo que permitan identificar as persoas interesadas durante o período de tempo non superior ao necesario, en base á limitación do prazo de conservación.

O Responsable garante que implementou políticas técnicas e organizativas apropiadas para aplicar as medidas de seguridade que establecen o **RGPD** e a **LOPD**, en particular aplícanse as medidas de seguridade determinadas polo Esquema Nacional de Seguridade, co fin de protexer os dereitos e liberdades dos Usuarios e comunicoulles a información adecuada para que poidan exercelos.